



Estimada Directora Xeral,

Sen esquecer os principios éticos e de solidariedade que deben presidir calquera estratexia de vacinación, incluída a última “Actualización 4– Estratexia de vacinación COVID19 de 26 febreiro 2021”, vémonos na obriga de lembrar que os **Servizos Veterinarios Oficiais**, adscritos fundamentalmente a catro Consellerías (Sanidade, Medio Rural, Mar e Medio Ambiente) **son profesionais da Saúde Pública**, con amplas funcións na preservación, protección e promoción da saúde da poboación.

Entendemos que a orde de vacinación vén determinada pola dispoñibilidade da vacina e ten que ir dirixida á poboación diana máis vulnerable e con maior risco de exposición e transmisión a outros conxéneres, sempre con criterios éticos e de evidencia científica, aínda que, **non entendemos**, o motivo da discriminación que se está levando a cabo entre os diferentes poñentes dos profesionais que desenvolven funcións de Saúde Pública.

Na Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 e no seu punto terceiro, considéranse **funcións de carácter esencial: “Servizos de inspección de saúde pública e inspección ambiental, servizo de gardacostas de Galicia e servizos de alertas sanitarias en todas as súas modalidades”**

Debemos destacar, que desde o primeiro confinamento, estes profesionais estiveron a traballar en todo momento, así, os inspectores de Saúde Pública estiveron e están na actualidade realizando inspeccións presenciais en todos os establecementos baixo o marco de “ Campaña para o cumprimento das medidas sanitarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID 19”) .

Resaltar que na actualización 4 do documento “Estratexia de vacinación para España” inclúese no Grupo 2: ao persoal sanitario de saúde pública que traballa na xestión directa da pandemia e en función do seu risco de exposición Grupo 3B: ao persoal dos servizos de saúde pública implicados na xestión e resposta á pandemia que non se vacinou no grupo 2.

Sinalar, que se vacinou a todo o persoal, de todas as categorías, nos centros de saúde, deixando sen vacinar exclusivamente aos veterinarios de saúde pública, **situados como están nas mesmas dependencias** e que supoñían non máis de 2 vacinas por cada un, nun total de 26 centros para 44 veterinarios.

É por todo o exposto que **SOLICITAMOS**:

- Que todos os Profesionais da Saúde Pública inclúanse no Grupo 2 e que se realicen con urxencia as xestións necesarias para que todos os PROFESIONAIS DA PRESTACIÓN DA SAÚDE PÚBLICA, sen excepción, entre os que ten que **incluir aos referidos profesionais veterinarios**, reciban a correspondente vacina, segundo corresponda.

-Subministrar máscaras de tipo FFP2 a todos os veterinarios inspectores que realizan o seu traballo en visitas presenciais a establecementos, granxas, industrias, etc, a fin de que podamos garantir as mellores condicións sanitarias.

Esperando a súa rápida resposta, reciba un cordial saúdo.

COMITÉ EXECUTIVO DE ASVEF.

SR. DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA. CONSELLERÍA DE SANIDADE.